

Saskia Sassen

5 de xaneiro de 1949 (La Haya) –



Saskia Sassen é unha socióloga coñecida polas súas análises da globalización e a migración internacional. Estudou Filosofía e CC. Políticas en universidades europeas e en Buenos Aires. Máis tarde graduouse en Socioloxía e Economía na Universidade de Notre Dame (Indiana), onde se doctorou en 1974 e tamén fixo un posdoutoramento no Center for International Affairs de Londres.

Foi durante moitos anos especialista de planeamento urbano na Universidade de Columbia e na actualidade é profesora de Socioloxía na Universidade de Chicago e profesora visitante na London School of Economics.

Durante os anos 80 e 90, despuntou como autora prolífica no ámbito da socioloxía urbana. A súa primeira aportación xenuina é a identificación e descrición do fenómeno da “cidade global” no seu libro homónimo publicado en 1991, que acadou un enorme impacto e é citado a nivel mundial.

Sassen analiza a dicotomía centralización-descentralización, propia do tardocapitalismo, onde as “cidades globais” son a columna vertebral. Nova York, Londres e Tokio representan ese novo modelo de crecemento urbano. Elas acollen as sedes das principais institucións financeiras, corporacións e centros de poder mundial. Nelas converxen os nodos das principais redes de telecomunicacións, xerando así información privilexiada vital para a toma de decisións de alto nivel. A “cadena de montaxe global” convive así coa concentración da propiedade do capital e a existencia dun sistema de control altamente centralizado.

Para Sassen é esencial o estudo do poder e a desigualdade derivados destes procesos de globalización, que afectan moi especialmente ás mulleres. O “Estado” xogou un papel decisivo nas últimas décadas, intermediando entre a lexislación nacional e os axentes económicos supranacionais e eliminando os atrancos que puideran perxudicar a estes axentes, nun proceso que Sassen bautiza como “desnacionalización”.

Deste xeito Sassen observa o mantemento no sistema dun sector manufactureiro enormemente degradado e deslocalizado en función do coste, onde se traballa en condicións de precariedade e baixos salarios, sendo as mulleres e os inmigrantes ás principais vítimas. Sassen expón unha cuestión fundamental analizada tradicionalmente na literatura feminista: a *feminización da forza do traballo e a pobreza*, convertíndose moitas veces nas reponsables da subsistencia non só das súas familias, senon tamén da economía dos seus países de orixe.

No 2013 recibiu o Premio Príncipe de Asturias de Ciencias Sociais e donou os 50.000 euros a institucións benéficas. Súa é a frase: *“A austeridade é unha transferencia de recursos: quítanllos ao cidadán e danllos aos bancos”*.

Guía de lectura

Libros

¿Perdiendo el control? La soberanía en la era de la globalización_____	4
Cities in a world economy_____	4
La ciudad global: Nueva York, Londres, Tokio_____	4
Contrageografías de la globalización: género y ciudadanía en los circuitos transfronterizos_____	5
Deciphering the global : its scales, spaces and subjects_____	5
Los espectros de la globalización_____	5
Global networks, linked cities_____	6
Globalization and its discontents_____	6
Guests and aliens_____	6
Inmigrantes y ciudadanos: de las migraciones masivas a la Europa fortaleza_____	7
La movilidad del trabajo y del capital: un estudio sobre la corriente internacional de la inversión_____ y del trabajo_____	7
Una sociología de la globalización_____	7
Territorio, autoridad y derechos: de los ensamblajes medievales a los ensamblajes globales_____	8
Territory, authority, rights: from medieval to global assemblages_____	8

Capítulos

Las grandes ciudades debates y propuestas_____	9
The migration reader : exploring politics and policies_____	9
Sociedad on-line Internet en contexto_____	10
Sociología y género_____	10
Lo urbano en 20 autores contemporáneos_____	11
Viejas sociedades, nueva sociología_____	11

Artigos

Actores y espacios laborales de la globalización_____	12
Ciudades en la ecología del poder económico global_____	12
Conflictos de la ciudad contemporánea: un sondeo internacional_____	12
Essay: Global City 20 Years Later_____	12
Essay: Urbanizing Technologies_____	13
La formación de las migraciones internacionales: implicaciones políticas_____	13
Les régimes d'emploi dans les services et la nouvelle inégalité_____	13
The Repositioning of Citizenship: Emergent Subjects and Spaces for Politics_____	13
Saskia Sassen: entrevista_____	14
Será este o caminho?: Como lidar com a imigração na era da globalização_____	14

Saskia Sassen na rede

[Twitter](#)

[Páxina web](#)

[Premio Príncipe de Asturias de Ciencias Sociales 2013](#)

[Entrevista a Saskia Sassen, socióloga, en Telemedellín](#)

[Entrevista](#) (Juan Pablo Palladino y Lucio Latorre)

[Entrevista](#) (Steven Navarrete Cardona)

[Entrevista](#) (Héctor Pavón)

[Conferencia](#) (Saskia Sassen: Ciudad Global y la lógica de expulsión)

Libros



Autora: [Sassen, Saskia](#)
 Título: **¿Perdiendo el control? la soberanía en la era de la globalización**
 Publicación: Bellaterra, [2001]
 ISBN: 84-7290-169-6
 Signatura: S5-G-76


Na pasada década producíronse grandes cambios no modo de executar as transaccións comerciais transfronteirizas. Dado os avances sen precedentes nas telecomunicacións e nas redes informáticas, enormes fluxos de capital mobilízanse instantaneamente a través do ciberespazo. Empresas estadounidenses como Ford, IBM e Exxon empregan máis dun 50 por 100 do seu persoal no estranxeiro, coa consecuente irritación dos obreiros estadounidenses, que se queixan de que se exporte emprego mentres o desemprego crece no país, e dos activistas que aducen que as empresas poderosas explotan aos obreiros do Terceiro Mundo pagándolles salarios moi baixos.

Autora: [Sassen, Saskia](#)
 Título: **Cities in a world economy**
 Publicación: Pine Forge Press, c1994
 ISBN: 0803990057
 Signatura: S3-C-52

Neste libro Saskia Sassen sostén que a globalización económica, acompañada da emerxencia dunha cultura global, alterou profundamente a realidade social, económica e política das nacións-estados, rexións entre nacións e do tema deste libro, as cidades.

A través do estudo da cidade como un sitio no que os procesos globais teñen lugar, Saskia busca definir novos conceptos útiles para comprender a intersección do global e o local no mundo actual e no do futuro.

Este libro mostra como algunhas cidades (Nova York, Tokyo, Londres, Sao Paulo, Hong Kong, Toronto, Miami, Sidney, entre outras) evolucionaron en "espacios" de mercado transnacional.




Autora: [Sassen, Saskia](#)
 Título: **La ciudad global : Nueva York, Londres, Tokio**
 Publicación: Eudeba, 1999
 ISBN: 950-23-0976-6
 Signatura: S3-C-89

Segundo Saskia Sassen nas grandes cidades concéntranse as novas actividades económicas claves: o sector financeiro e os servizos avanzados á produción, principais responsables da reestruturación da orde social e económica urbana, caracterizada pola polarización social, a aparición de novos estilos de vida e a precarización do traballo. Nova York, Londres e Tokio serían os casos máis representativos desta nova categoría de cidade: a cidade global.

Esta edición inclúe un Anexo de táboas onde se actualiza o material estatístico da edición orixinal, aspira a constituírse nunha obra de referencia, non só para especialistas en temas urbanos senón tamén para decisores políticos e funcionarios responsables da formulación de políticas de planificación e desenvolvemento urbano.

Autora: [Sassen, Saskia](#)
 Título: **Contrageografías de la globalización**
 Publicación: Traficantes de sueños, 2003
 ISBN: 84-932982-0-4
 Signatura: S7-B-144

Os catro artigos compendiados neste libro representan un desenvolvemento ulterior dalgunhas temáticas xa clásicas na obra desta socióloga da Universidade de Chicago. Sitúannos, en particular, fronte a un dos nós gordianos nos debates sobre a globalización: a relación (paradoxal) entre o impulso transnacional implícito nos procesos económicos e o declive ou, como suxire Saskia Sassen, a transformación do papel dos Estados-nación.




Autora: [Sassen, Saskia \(ed.\)](#)
 Título: **Deciphering the global : its scales, spaces and subjects**
 Publicación: Routledge, [2007]
 ISBN: 9780415957335
 Signatura: S8-E-365


Nesta colección de ensaios de varios autores trasládanse os termos de debate que rodean a globalización dende o punto de vista dos mercados globais, os estados e as corporacións internacionais ao campo máis complexo do local onde as tendencias globalizadoras negócianse de maneira a miúdo inesperada.

Os capítulos deste libro expanden o terreo analítico do global, demandando novas metodoloxías e marcos interpretativos para o estudo da globalización.

Autora: [Sassen, Saskia](#)
 Título: **Los espectros de la globalización**
 Publicación: Fondo de Cultura Económica, 2003
 ISBN: 950-557-586-6
 Signatura: S5-G-113

As análises da globalización económica adoitan apelar a unha dualidade entre o global e o nacional segundo a cal o primeiro dos termos acrecenta o seu poder a expensas do segundo. A introdución dun terceiro elemento -as cidades- permítelle a Saskia Sassen abordar os procesos globalizadores baixo a forma de complexos económicos situados en localizacións específicas. Emerxe así un novo sistema de cidades globais e unha tipoloxía de rexións económicas que se estenden máis aló de Silicon Valley. Unha pregunta tan crucial como urxente -por que un sistema transnacional sumamente difuso require unha alta concentración da xestión as finanzas?- alenta a exploración dos vínculos entre as concentracións da pobreza e a riqueza.







Editora: [Sassen, Saskia](#)
 Título: [Global networks linked cities](#)
 Publicación: Routledge, 2002
 ISBN: 0-415-93613-0
 Signatura: S3-C-164

A tese máis influente de Saskia Sassen, “Ciudades globales”, reformou radicalmente os estudos urbanos da globalización na última década. Nesta innovadora colección, Sassen e un distinguido grupo de colaboradores amplían a tese ao considerar a arquitectura informacional vinculando estas cidades en redes densas, ademais de concentrar as cidades globais emerxentes no Sur - Sao Paulo, Xangai, Hong Kong, Cidade de México, Beirut, o corredor de Dubai e Irán, e Buenos Aires- que se están convertendo rapidamente en nodos clave no sistema urbano global emerxente.

Autora: [Sassen, Saskia](#)
 Título: [Globalization and its discontents](#)
 Publicación: New Press, [1998]
 ISBN: 1565843959
 Signatura: S5-G-191

Saskia Sassen aclara as relacións opacas que debilitan e fortalecen a idea do nacional. Fala da velocidade vertixinosa dos mercados financeiros e da incapacidade das regulacións nacionais para restrinxir ou mesmo controlar o seu comportamento rapaz, e mostra como os acordos como o TLCAN, o GATT e o Mercado Común Europeo dependen dos gobernos nacionais para avivar a chama da actividade internacional. Por outra banda, os ensaios de Sassen, describen a crecente concentración da riqueza e o poder nas cidades globais, e as maneiras en que estas cidades explotan a un gran número de inmigrantes, cuxa presenza crítica desafía as nocións presentes de cidadanía e nacionalidade. O que emerge das meditacións de Sassen é un retrato dun mundo que se somete a unha concentración radical dos recursos e de poder e unha diminución da transparencia democrática. Con este recoñecemento dos feitos reais da globalización, Sassen conclúe que axudará aos responsables políticos a usar o Estado-nación en beneficio humano.




Autora: [Sassen, Saskia](#)
 Título: [Guests and aliens](#)
 Publicación: The New Press, [1999]
 ISBN: 1565846087
 Signatura: D-F-653

Establecendo a actual crisis da inmigración nun contexto histórico, Saskia Sassen sitúa á experiencia americana como unha fase da historia mundial dos pasos transfronteirizos. Describe a inmigración masiva dos italianos e dos xudeus de Europa do Leste nos séculos XIX e XX e os desprazamentos internacionais particularmente despois do final da Segunda Guerra Mundial que procrearon o concepto de refuxiado. Usando estes exemplos, Sassen explora as causas da inmigración en nacións que acollen aos recentemente chegados como invitados ou os menosprezan como extranxeiros. A continuación, perfila un enfoque ilustrado para mellorar as políticas de inmigración de EEUU e Europa.

Autora: [Sassen, Saskia](#)
Título: [Inmigrantes y ciudadanos : de las migraciones masivas a la Europa fortaleza](#)
Publicación: Siglo XXI, [2013]
ISBN: 978-84-323-1652-4
Signatura: D-F-650



As transformacións económicas do último cuarto de século alteraron a relación entre as cidades e a economía mundial. Estes cambios produciron unha complexa dualidade: unha organización da actividade económica espacialmente dispersa, pero globalmente integrada. Esta combinación creou un rol estratéxico para as grandes cidades. Segundo Sassen alí concéntranse hoxe as novas actividades económicas claves: o sector financeiro e os servizos avanzados á produción, principais responsables da reestruturación da orde social e económica urbana, caracterizada pola polarización social, a aparición de novos estilos de vida e a precarización do traballo. Nova York, Londres e Tokio serían os casos máis representativos desta nova categoría de cidade: a cidade global.



Autora: [Sassen, Saskia](#)
Título: [La Movilidad del trabajo y del capital](#)
Publicación: Ministerio de Trabajo y Seguridad Social, D.L. 1993
ISBN: 84-7434-798-X
Signatura: S4-C-71

Neste ensaio empírico, a súa autora, presenta unha nova explicación ao problema da relación entre a mobilidade do traballo e do capital. Centrándose na inmigración a Estados Unidos desde 1960 a 1985 e no papel que desenvolveron as actividades económicas americanas no exterior, así como o investimento estranxeiro no devandito país, Saskia Sassen analiza os diversos modos en que a internacionalización da produción contribúe á configuración e dirección das migracións laborais. Este libro aborda o devandito problema partindo de tres procesos sobresalientes; o primeiro é o desenvolvemento da produción destinada á exportación en varios países do terceiro mundo, a través do incremento masivo do investimento estranxeiro directo e da subcontratación internacional por parte dos países industrializados. Un segundo proceso consiste na evolución que experimentan as cidades principais para chegar a ser quen controlen e administren o conxunto do sistema económico. O terceiro proceso é o recente rexurdimento de Estados Unidos en calidade de principal receptor mundial do investimento directo, despois de ser, durante trinta anos, o principal exportador de capital.

Autora: [Sassen, Saskia](#)
Título: [Una sociología de la globalización](#)
Publicación: Katz, 2007
ISBN: 978-84-935432-6-6
Signatura: S5-G-166



A globalización non se limita xa á noción convencional que a define como un proceso de formación de institucións exclusivamente globais e de interdependencia crecente entre os estados-nación do mundo. Esta obra de Saskia Sassen aborda a análise de dúas dinámicas diferenciadas. Por unha banda, a formación de procesos e institucións explicitamente globais. Doutra banda, os procesos que non pertencen necesariamente á escala global e que, con todo, forman parte da globalización porque, aínda inmersos en territorios e dominios institucionais que en gran parte do mundo considéranse nacionais, incorporan redes ou entidades transfronteirizas que conectan múltiples procesos e actores locais ou nacionais.

Autora: [Sassen, Saskia](#)


Título: [Territorio, autoridad y derechos : de los ensamblajes medievales a los ensamblajes globales](#)

Publicación: Katz, 2010

ISBN: 978-84-92946-08-2

Signatura: S5-G-181

Das ensamblaxes medievais ás ensamblaxes globais. tanto desde a esquerda como desde a dereita, o léxico dominante sobre a globalización destaca o antagonismo entre o global e o nacional, e realiza descrições razoables e intuitivamente satisfactorias dun mundo en proceso de transformación. Sobre ese léxico construíronse teorías e explicacións atractivas, que, como sinala a autora desta obra, teñen a capacidade de encandear e, por tanto, de producir unha gran penumbra ao seu redor. Indagar nesa zona de sombras, alí onde as explicacións intuitivas son esquivas e erróneas, é o propósito deste libro, que parte da constatación de que aínda que o proceso de globalización é intenso, a globalidade formal é moi escasa: existen poucas e imperfectas institucións globais: Como se produce o proceso de globalización por fóra desas institucións?



Autora: [Sassen, Saskia](#)


Título: [Territory, authority, rights : from medieval to global assemblages](#)

Publicación: Princeton University Press, [2008]

ISBN: 0-691-09538-8

Signatura: P1-C-91

Capítulos




Capítulo: **Grandes ciudades: transformaciones económicas y polarización**
Título: **Las grandes ciudades debates y propuestas**
Páxinas: 61-78
Publicación: Madrid : Colegio de Economistas, D.L. 1991
ISBN: 84-87856-03-9
Signatura: S3-C-31

Neste capítulo, Saskia Sassen expón a relación entre a economía mundial e as cidades, cuxa variación irrompeu a partir da década do sesenta como consecuencia dunha serie de cambios que deron lugar a unha dualidade complexa: unha espacialidade dispersa, aínda que globalmente integrada, da actividade económica. Desta maneira, as principais cidades asumen un novo labor que se materializa en catro funcións diferentes: primeira, como centros de poder da organización económica mundial; segunda, como localizacións clave para as empresas financeiras e de servizos especializadas; terceira, como lugares produtores de innovación e cuarta, como mercados para as innovacións producidas. Estes cambios tiveron un impacto substancial tanto sobre a actividade económica internacional como sobre a formación urbana, xerando un novo tipo de cidade: a cidade global, cuxos máximos expoñentes son Nova York, Londres e Tokyo, caracterizados polo dominio na actividade económica do sector servizos, a internacionalización dos centros financeiros e unha marcada polarización na distribución de ingresos e na distribución ocupacional dos traballadores.

Capítulo: **Foreign investment: a neglected variable**
Título: **The migration reader : exploring politics and policies**
Páxinas: 596-608
Publicación: Lynne Rienner, 2006
ISBN: 1-58826-339-8
Signatura: D-F-270

Saskia Sassen está particularmente interesada en examinar a xeración de postos de traballo de baixos salarios no sector principal de crecemento, os servizos avanzados e o sector manufacturero degradado. Utiliza o termo sector manufacturero degradado para referirse tanto á decadencia das vellas industrias, por exemplo, a substitución das tendas sindicalizadas polos talleres clandestinos e talleres de escravos, e para o predominio dos baixos salarios, traballos de produción sen saída en novas industrias, en particular no campo da alta tecnoloxía. O que é notable é que mesmo nos sectores máis dinámicos e tecnoloxicamente desenvolvidos da economía, como os servizos avanzados e as industrias de alta tecnoloxía xeran unha subministración considerable de postos de traballo de baixos salarios con poucos requisitos de competencia lingüística.

Dúas importantes distincións analíticas do seu argumento son: (a) a distinción entre as características do traballo e as características do sector, e (b) a distinción entre as características do sector e o estado do crecemento. Por tanto, os traballos atrasados poden ser parte do sector máis moderno da economía e os sectores atrasados poden ser parte das principais tendencias de crecemento da economía. O uso destes dous tipos de distincións permítenlle explicar a presenza dos inmigrantes en sectores tecnoloxicamente desenvolvidos da economía e permítenlle postular que o sector manufacturero degradado -tamén unha importante fonte de emprego dos inmigrantes- é parte das principais tendencias de crecemento. Por outra banda, estas distincións tamén lle levan a unha reconceptualización parcial do que a miúdo se refire como o sector informal.





Capítulo: **Materialidades localizadas que abarcan un espacio universal**

Título: **Sociedad on-line Internet en contexto**

Páxinas: 339-350

Publicación: UOC, [2005]

ISBN: 84-9788-369-1

Signatura: S16-D-243

Para abordar o reto de captar as complexas imbricacións que existen entre a tecnoloxía e a sociedade, Saskia Sassen desenvolve dous aspectos particulares do devandito reto teórico. En primeiro lugar, o chegar a entender o lugar que ocupan as novas tecnoloxías desde o punto de vista sociolóxico esixe que evitemos unha interpretación exclusivamente tecnolóxica e, así mesmo, que admitamos tanto a incrustación como os resultados variables que ditas tecnoloxías producen nos diferentes ámbitos sociais. En segundo lugar, esta tarefa require á súa vez novas categorías capaces de reflectir o que adoita concibirse na actualidade como características contraditorias ou que se exclúen mutuamente. Neste capítulo Saskia Sassen examina ámbolos dous aspectos centrándose en tres cuestións de análise: a incrustación das novas tecnoloxías, a desestabilización que se produce nas vellas xerarquías de escala cando ditas tecnoloxías entran en escena e tamén as culturas de mediación que se encargan de organizar a relación que se dá entre as devanditas tecnoloxías e os usuarios.

Capítulo: **Actores y espacios laborales de la globalización**

Título: **Sociología y género**

Páxinas: 387-404


Publicación: Tecnos, [2013]

ISBN: 978-84-309-5810-8

Signatura: S7-B-246

A través do estudo das interseccións entre o Norte e o Sur global, examina os fluxos migratorios como un circuito alternativo de supervivencia, o papel do Estado como exportador de man de obra e a súa demanda nas cidades globais. Desta maneira, Sassen analiza o fenómeno da migración como o vínculo de conexión entre as cidades globais, que representan unha plataforma organizativa para a economía mundial, e unha serie de países do Sur global -suxeitos ao réxime internacional de financiamento da débeda externa-. Neste contexto, as migracións globais de man de obra xorden como unha estratexia de supervivencia para os habitantes de países fortemente endebedados e para os gobernos cada vez máis dependentes das remesas dos emigrantes, en moitos casos mulleres, sobre todo en Latinoamérica e certos países asiáticos. Así mesmo, as migracións tamén se converteron nunha fonte de emprego mal remunerado en sectores económicos estratéxicos no ámbito das cidades globais máis ricas, nas que se observa unha demanda crecente tanto de traballadores altamente remunerados como de traballadores con baixos salarios.





Capítulo: **Las economías urbanas y el debilitamiento de las distancias**

Título: **Lo urbano en 20 autores contemporáneos**

Páxinas: 133-144

Publicación: Barcelona : UPC, 2004

ISBN: 8483017520

Signatura: Arquitectura Técnica (71/0335)

Capítulo: **¿Globalización o desnacionalización?**

Título: **Viejas sociedades, nueva sociología**

Páxinas: 65-86

Publicación: Centro de Investigaciones Sociológicas, 2005

ISBN: 84-7476-390-8


Signatura: S1-B-106

Saskia Sassen céntrase nun conxunto de aspectos do global que están situados en realidade no que adoita representarse ou considerarse como ordes e dinámicas institucionais nacionais. Estas van desde formas de globalidade centradas en loitas e axentes localizados que forman parte de redes transfronteirizas, a través de formacións tales como as cidades globais, ata tipos específicos de traballo de estado dirixidos a acomodar axentes globais e os seus intereses. Atravesando estes diferentes procesos e dominios está unha axenda de investigación e teorización. Neste capítulo Saskia Sassen trata de construír esta axenda pondo xuntas distintas correntes dunha liña de investigación que crece con rapidez e á que os xeógrafos fixeron contribucións enormemente importantes, máis aínda que outros científicos sociais. Esta axenda é impulsada por algunhas preocupacións principais. Un primeiro asunto crave é establecer dimensións novas ou adicionais da espacialidade do nacional e o global. Un segundo asunto importante atópase nas revisións críticas de como conceptualizamos o local e o sub-nacional de forma que nos permitan detectar eses aspectos -aínda que sexan unha minoría- que son en realidade multi-escalares, mesmo cando son representados e experimentados como simplemente locais. Un terceiro asunto crave é como conceptualizar o nacional, en concreto, as interaccións específicas entre as dinámicas globais e os compoñentes específicos do nacional.

Saskia Sassen afonda nas súas análises sobre a globalización con novas distincións. Argumenta que estudar o global é centrarse non só no que ten esa escala, senón comprender prácticas e condicións de escala local que se articulan en dinámicas globais. Sassen define como “desnacionalización incipiente” a certos compoñentes específicos e especializados dos estados nacionais. Coincide con Soysal en que a teoría sociolóxica existente (concepto de “nacional”) xa non serve para explicar prácticas e conflitos transfronteirizos, como as redes diaspóricas ou as cidades globais. Sostén Sassen que é preciso establecer dimensións novas do nacional e o global e que as actividades locais imbricadas nos circuitos globais invalidan a noción de contexto xeográfico, que ata agora viña utilizando. Cuestiona que o vocabulario, analítico, como o transnacionalismo, o postcolonialismo ou a hibridación, poida ser suficiente para cartografiar as novas formacións sociais.



Artigos



Artigo: **Actores y espacios laborales de la globalización**
 Revista: **Papeles de relaciones ecosociales y cambio global**
 Número/Año: n. 101, 2008
 Páxinas: 33-51
 ISSN: 1888-0576


Artigo: **Ciudades en la ecología del poder económico global: ¿Un factor clave para la promoción de la sostenibilidad del medioambiente?**


Revista: **Revista española de desarrollo y cooperación**
 Número/Año: n. 17, 2006
 Páxinas: 95-114
 ISSN: 1137-8875



Artigo: **Conflictos de la ciudad contemporánea: un sondeo internacional**
 Revista: **Urban**
 Número/Año: n.3, 2012
 Páxinas: 107-137
 ISSN: 1138-0810

Artigo: **Essay: Global City 20 Years Later**
 Revista: **Kenchiku to toshi = Architecture and urbanism : A + U.**
 Número/Año: n. 485, 2011
 Páxinas: 10
 ISSN: 0389-9160





Artigo: **Essay: Urbanizing Technologies**
 Revista: **Kenchiku to toshi = Architecture and urbanism : A + U.**
 Número/Ano: n. 485, 2011
 Páxinas: 90
 ISSN: 0389-9160

Artigo: **La formación de las migraciones internacionales: implicaciones políticas**
 Revista: **Revista Internacional de filosofía política**
 Número/Ano: n. 27, 2006
 Páxinas: 19-40
 ISSN: 1132-9432



Artigo: **Les régimes d'emploi dans les services et la nouvelle inégalité**
 Revista: **Annales de la recherche urbaine**
 Número/Ano: n. 76, 1997
 Páxinas: 147-156
 ISSN: 0180-930X

Artigo: **The Repositioning of Citizenship: Emergent Subjects and Spaces for Politics**
 Revista: **Berkeley journal of sociology: a critical review**
 Número/Ano: n. 46, 2002
 Páxinas: 4-26
 ISSN: 0067-5830



Artigo: **Saskia Sassen: entrevista**
 Revista: **Zehar: revista de Arteleku-ko aldizkaria**
 Número/Ano: n. 62, 2007
 Páxinas: 16-25
 ISSN: 1133-844X



Artigo: **Será este o caminho?: Como lidar com a imigração na era da globalização**
 Revista: **Revista crítica de ciencias sociais**
 Número/Ano: n. 64, 2002
 Páxinas: 41-54
 ISSN: 0254-1106

Esta guía recolle o catálogo de libros escritos e/ou editados por Saskia Sassen que forman parte dos fondos bibliográficos das bibliotecas da UDC. Ademais recolle unha selección de artigos en revistas e de enlaces na rede sobre esta autora.

As fontes de información que utilizamos para a elaboración da guía foron o catálogo da biblioteca da UDC, o portal bibliográfico DIALNET e as páxinas web das editoriais.

Agradecementos

A Nazaret, bolsreira de colaboración en formación complementaria na biblioteca 2014, que colaborou na elaboración da guía .